

*Alcaldesa da Coruña*

A Coruña, 1 de marzo de 2021

Estimado/a señor/a presidente/a,

Desde o Concello da Coruña comprácenos anunciarlle a inminente posta en marcha do Consello Municipal do Deporte, cuxa constitución foi aprobada hoxe na Xunta de Goberno Local. Como se recolle na exposición de motivos das súas Normas de Funcionamento, que achegamos con esta invitación, o Concello da Coruña ten a intención de fomentar a maior participación posible da cidadanía na vida política, social, económica, cultural e deportiva, xa sexa por si mesmos ou por medio de representantes.

O Consello Municipal do Deporte créase como un órgano de carácter consultivo. Está concibido como un espazo para asesorar, informar, debater, estudar, propoñer e traballar en rede, e ten como obxectivo achegarles as políticas deportivas municipais ás entidades deportivas, colectivos, veciñanza, nais e pais, institucións e demais persoas ou organismos que se vexan afectadas dalgunha forma polas políticas públicas deportivas.

O Consello Municipal do Deporte da Coruña é un órgano de participación do tecido deportivo coruñés que pretende servir de espazo de encontro, relación e consenso sectorial. Canaliza a implicación de todos os seus membros e coñece as súas demandas e intereses, co fin de lograr a universalización do dereito da cidadanía ao exercicio físico, ao movemento e ao deporte, sen atrancos nin discriminación de ningún tipo.

Pola presente convidámoslos a que a súa entidade forme parte do Consello Municipal de Deportes da Coruña. Para iso compre que vostedes elixan ou designen dúas persoas representantes, unha titular e unha suplente, que formen parte do plenario e das votacións para a elección da Comisión Permanente e dos grupos de traballo do Consello Municipal do Deporte. Unha vez elixidos os seus representantes, agradeceríamos que nos notifiquen os seus datos, dirección de correo electrónico e número de teléfono incluídos, para incorporalos no censo do Consello.

Agradecida polo seu interese na posta en marcha deste órgano consultivo, saúdalle atentamente,

Inés Rey García  
Alcaldesa da Coruña

*Unha aperta,*